



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZ DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN.

**Expte. 2021/G007/000022**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día dez de xuño de dous mil vinte e un, réunese en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria convocada regulamentariamente. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, con asistencia dos seus membros:

Dona Rosa Ana García López, dona Jessica Sabín Fernández, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptaron os seguintes acordos e conforme á seguinte

### **Orde do Día**

#### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.-- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS N.º F/2021/38.-** PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA:

Elabórese a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/38 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 3 facturas ascende á cantidade de CORENTA E OITO MIL SEISCENTOS TRINTA E UN EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (48.631,95 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en data 7 de xuño de 2021 en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

#### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2021/38 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 48.631,95 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica  
O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

Presentadas á **Xunta de Goberno Local** as facturas, así coma o informe de intervención, ésta toma coñecemento e mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas da relación e ordenar o pago das mesmas.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos para o seu coñecemento e trámite”.

**2º.- CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE “IGUALDADE NA DIVERSIDADE”, DO PROGRAMA MUNICIPAL DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DE VIOLENCIA MACHISTA, SOMOS E CONTAMOS.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE “IGUALDADE NA DIVERSIDADE”

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, coñecendo a existencia do crédito recibido con motivo da axuda do Ministerio de Igualdade e visto o informe elaborado pola educadora social do Departamento de Servizos Sociais que se transcribe a continuación:

INFORME- PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE “IGUALDADE NA DIVERSIDADE”

*Iria García Martínez, educadora social do Concello, no marco do programa municipal de igualdade e prevención de violencias machistas “Somos e Contamos”, como parte dos programas do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios INFORMO*

- 1. que existe unha resolución do Ministerio de Igualdade a favor do Concello de Valdoviño por un importe de 2175,02 € no marco da transferencia ás entidades locais polo Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero 2020.*
- 2. que a dita axuda está destinada para a realización de actividades para a intervención ou prevención da Violencia de Xénero, con data límite do 30 de xuño do 2021.*
- 3. que o Concello de Valdoviño realiza na súa programación anual diferentes actuacións nesta materia. Igualmente desde o Departamento de Servizos Sociais realízanse actividades de prevención e sensibilización coa diversidade persoal e sexual. Neste marco conxunto vese preciso organizar as actividades conmemorativas do 28 de xuño, “Día da diversidade sexual”.*
- 4. que considerando a necesidade que existe no contexto escolar de introducir información e abordaxe sobre igualdade de oportunidades e diversidade sexual e persoal, valóranse as*

seguintes actuacións a realizar durante este mes de xuño, dentro da actividade “Igualdade na diversidade”.

1. realización de sesións grupais con 3º e 4º de Secundaria do CPI Atios
2. elaboración de frases reivindicativas e sensibilizadoras para a elaboración de vinilos en superficies grandes
3. colocación co alumnado dos vinilos en instalacións escolares ou outros espazos públicos
4. pintada de bancos ou mural (previo permiso municipal) en espazos públicos co lema “Liberdade de ser e sentir” (dentro da Campaña da Deputación da Coruña á que está adscrita o Concello de Valdoviño)
5. que se contactou con DELOGA e Rexenerando como entidades que contan con especialización nesta materia. DELOGA comunica que non poden facerse cargo do proxecto, e Rexenerando confirma a súa dispoñibilidade.

PROPOÑO a realización da actividade descrita e a contratación da entidade Rexenerando para a súa execución, pola cantidade de 2170 €.

En Valdoviño a 9 de xuño de 2021 Iria García Martínez Educadora Social (Col. 3545)

PROPOÑO: á Xunta de Goberno Local a aprobación da realización da actividade proposta e a contratación da súa execución é entidade Rexenerando por un importe de 2170 €.

En Valdoviño, a 9 de xuño de 2021  
Alberto González Fernández  
O Alcalde”.

**Despois de ver a proposta do alcalde, que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanidade dos seus membros e mediante votación ordinaria, ACORDA:**

**Primeiro.-** A aprobación da proposta de Alcaldía, antes descrita.

**Segundo.-** Que se traslade dito acordo á área dos servizos sociais municipais, así coma á área dos servizos económicos, para o seu coñecemento e efectos.

PARTE DE ACTIVIDADE

### **3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta sesión non se presentaron rogos nen preguntas.

Ás nove horas e cincuenta minutos, sen nengún outro asunto a incluír o Presidente da por rematada a sesión, da que eu Secretaria, CERTIFICO o seu contido.

*Documento asinado á marxe, pola secretaria municipal e polo alcalde.*